



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2016/17 |
| Asignatura (*) | Metodoloxía da investigación etnográfica | | Código | 615G01403 |
| Titulación | Grao en Socioloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Humanidades | | | |
| Coordinación | Couceiro Dominguez, Enrique | Correo electrónico | enrique.couceiro.dominguez@udc.es | |
| Profesorado | Couceiro Dominguez, Enrique | Correo electrónico | enrique.couceiro.dominguez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Curso especificamente dirixido ao estudo e exercitación dos diferentes recursos e instrumentos metodolóxicos e técnicas de investigación etnográfica en Antropoloxía social e en xeral en investigación social cualitativa, poñendo atención ás estratexias da observación participante, a investigación-acción participativa, a observación multisituada, o estudo da narratividade, e a entrevista etnográfica. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A12 | Conocimiento de la especie humana a través de la cultura, parentesco y hábitat con especial atención a los pueblos preindustriales. |
| A16 | Conocimientos y habilidades técnicas para la producción y el análisis de los datos cuantitativos y cualitativos. |
| A26 | Saber elegir las técnicas de investigación social (cuantitativas y cualitativas) pertinentes en cada momento. |
| A27 | Conocimientos y habilidades de las técnicas de muestreo y de trabajo de campo. |
| B9 | Reconocimiento a la diversidad y a la multiculturalidad. |
| B20 | Conocimiento de otras culturas y costumbres. |
| B27 | Capacidades en reconocer la complejidad de los fenómenos sociales. |
| C6 | Valorar críticamente el conocimiento, la tecnología y la información disponible para resolver los problemas con los que deben enfrentarse. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---|-------------------|------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Proxectar e desenvolver metodoloxía e tecnicamente investigacións etnográficas baseadas na observación participante e/ou en instrumentos alternativos ou complementarios a esta | A16 A26 A27 | B9 B20 B27 |
| Proxectar e realizar entrevistas etnográficas orientadas á identificación e interpretación de problemas, procesos emerxentes ou fenómenos socioculturais | A12 A16 A26 | B20 B27 | |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|--|--|
| <p>TEMA 1º. O TRABALLO DE CAMPO EN ETNOGRAFIA ANTROPOLOGICA</p> <p>TEMA 2º. A OBSERVACIÓN PARTICIPANTE</p> <p>TEMA 3º. INVESTIGACIÓN-ACCIÓN E OUTRAS ESTRATEXIAS DE OBSERVACIÓN</p> <p>TEMA 4º. A ENTREVISTA EN ETNOGRAFÍA E AS NARRATIVAS LOCAIS. INTERPRETAR TEXTOS E ACCIÓNS RITUAIS.</p> <p>TEMA 5º. OUTROS METODOS COMPLEMENTARIOS. FONTES E REXISTROS.</p> <p>TEMA 6º. PROCESO DE ANALISIS E ESCRITURA ETNOGRÁFICA</p> | <p>DO TEMA 1º. O traballo de campo: identificación e comprensión da complexidade sociocultural a través da experiencia convivencial prolongada.. A etnografía como proceso interactivo e reflexivo. O deseño e as reconsideracións da investigación. Fases do traballo de campo.</p> <p>DO TEMA 2º. Participar para observar e aprender a observar. Vantaxes da o.p. e inconvenientes. Acceso ao campo e relacións. A dispoñibilidade e a redución da reactividade. Técnicas e estratexias na o.p. A etnografía multisituada ante os procesos da globalización. O rexistro e organización da información: útiles e procedementos.</p> <p>DO TEMA 3º La participación observante. Outras estratexias de observación. Investigación-acción participativa, ou "colaboración participante". Orientacións e lóxicas destas prácticas de investigación. O estudo de caso en etnografía.</p> <p>DO TEMA 4º. As narrativas e o seu rexistro. Discursos e narratividade. Interpretar textos e representacións. A entrevista etnográfica na era da globalización. Indagación dos valores e coñecementos. Tipos de entrevistas segundo obxectivos de investigación. Estructuras e estratexias do proceso de entrevista.</p> <p>DO TEMA 5º. O método biográfico en antropoloxía. O método xenealóxico. Documentos e rexistros de interese etnográfico, e técnicas para o seu aproveitamento. Fichas persoais e fichas domésticas. A fotografía e o filme etnográfico.</p> <p>DO TEMA 6º. Análise interpretativa dos datos en antropoloxía. A etnografía como produto: escritura antropolóxica e redacción de informes.</p> |
|--|--|

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Sesión maxistral | A12 A16 A27 B20 | 20 | 23 | 43 |
| Discusión dirixida | B9 B27 | 10 | 45.5 | 55.5 |
| Traballos tutelados | A26 A27 C6 | 5 | 5 | 10 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|------------------|---|
| Sesión maxistral | Explicación polo profesor dos contidos da materia na aula. Complementarase con materiais visuais de apoio -presentacións en Power Point, e con proxeccións de filmes etnográficos. O obxectivo destas sesións será o coñecemento, polo alumno, das técnicas e métodos etnográficos e da análise do discurso cultural, as súas utilidades e aplicabilidade; así como estimular debates participativos. O alumno deberá asistir polo menos aos 2/3 das sesións. |



| | |
|---------------------|--|
| Discusión dirixida | Comentario e debate, durante a segunda parte de cada sesión, de materiais textuais -artigos de revistas, capítulos de libros, concernentes aos pormenores, problemas e aplicación práctica de diferentes técnicas de investigación de utilidade etnográfica. O obxectivo da discusión será o desenvolvemento polo alumno dunha capacidade crítica e unha conciencia da diversidade cultural, así como o recoñecemento da complexidade dos problemas socioculturais e a necesidade de adecuar os instrumentos de investigación etnográficos aos casos de estudo específicos. |
| Traballos tutelados | Concíbese como unha proba práctica que se irá realizando ao longo do curso. Consistirá nun traballo de curso desenvolvido mediante a práctica da observación participante ou multisituada, a entrevista semiestruturada, a análise dun caso de narrativa popular, e/ou o ensaio do rexistro e a interpretación 'técnica' dunha historia de vida. O seu obxectivo é que o alumno desenvolva coñecementos e habilidades na proxección básica da investigación etnográfica, no emprego das técnicas de traballo de campo, e se exercite sobre o terreo en valorar criticamente o coñecemento, técnicas e información dispoñibles para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Sesión maxistral Traballos tutelados | A atención personalizada realizarase de xeito individual nas prácticas tuteladas (Traballos tutelados) e nas titorías sobre contidos teóricos cando o proceso de aprendizaxe e os problemas suscitados polas prácticas así o requiran. Tamén parte das sesións maxistrais pode canalizarse cara á discusión personalizada de problemas específicos suscitados nos temas expostos cando a ocasión o precise. Para o alumnado con refacemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso as tutorías específicas ás que asistir, e que sexan compatibles coa súa dedicación |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---------------------------|---|---------------|
| Sesión maxistral | A12 A16 A27 B20 | Valorarase a asistencia activa e participativa ás sesións do curso. O alumno deberá asistir polo menos los2/3 das sesións. | 10 |
| Traballos tutelados | A26 A27 C6 | Avaliarase un traballo individual de curso (entrevista semiestruturada, analizar un caso de narrativa popular, e/ou ensaiar o rexistro e a interpretación 'técnica' dunha historia de vida). Este traballo supón un 60% da cualificación | 40 |
| Discusión dirixida | B9 B27 | Será criterio de avaliación a participación activa na preparación e exposición de textos sobre metodoloxía etnográfica aplicada a estudos de caso específicos, así como na subseguinte discusión dos devanditos materiais nas sesións de clase. A avaliación individual desta metodoloxía supoñerá un 30% da cualificación. | 50 |

Observacións avaliación

| |
|--|
| <p>Para a avaliación da 2ª oportunidade, esixirase a realización do traballo tutelado, ou a súa ampliación se é o caso.</p> <p>No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia seguiranse os mesmos criterios de avaliación para a 1ª oportunidade que para o restante alumnado, salvo en que, para aqueles non se aplicará o primeiro criterio -asistencia activa e participativa-, cuxo porcentaxe de avaliación distribuirase a partes iguais entre os outros dous criterios ("discusión dirixida" supoñerá un 55%, e "traballo tutelado" un 45%). Pola súa banda, determinaranse as datas nas que devanditos alumnos con exención poidan asistir para expoñer e discutir os seus correspondentes textos sobre metodoloxía específica.</p> <p>Para a avaliación da 2ª oportunidade, os alumnos exentos de asistencia deberán presentar un comentario valorado sobre un texto de metodoloxía etnográfica, ademais do traballo tutelado -ou da ampliación do mesmo-.</p> |
|--|

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Hammersley, M. / Atkinson ((1994)). Etnografía. Métodos de investigación. Barcelona, Paidos - Taylor, S.J./ R. Bogdan ((1986)). Introducción a los métodos cualitativos de investigación. Barcelona, Paidos - Sanmartin, R ((2003)). Observar, escuchar, comparar, escribir. La práctica de la investigación cualitativa. . Barcelona, Ariel - Ellen, R.F., ed. ((1984)). Ethnographic Research. A Guide to General Conduct.. London, Academic Press - Fardon, R.; O. Harris, T.H.J. Marchand & al. ((2012)). Social Anthropology.Vol. 2, Part 3: Methods. London, Sage - González, A. ((1990)). Etnografía y comparación. La investigación intercultural en Antropología.. Barcelona, Bellaterra - Hammersley, M. / Atkinson ((1994)). Etnografía. Métodos de investigación.. Barcelona, Paidos - Rabinow, P. ((1992)). Reflexiones sobre un trabajo de campo en Marruecos.. Madrid, Júcar - Sanmartin, R. ((2003)). Observar, escuchar, comparar, escribir. La práctica de la investigación cualitativa.. Barcelona, Ariel - Sanmartín, R. ((2007)). ?El trabajo de campo?, Cap. III de Lisón, C., ed. Introducción a la antropología social y cultural. Teoría, método y práctica.. Madrid, Akal. - Taylor, S.J./ R. Bogdan ((1986)). Introducción a los métodos cualitativos de investigación.. Barcelona, Paidos - Velasco, H. /Díaz de rada, A. ((1997)). La lógica de la investigación etnográfica.. Madrid, Trotta - VV.AA ((2000)). Revista de Antropología social, nº 9. Madrid. Universidad Complutense - Kvale, Steinar ((2011)). Las entrevistas en Investigación Cualitativa. Madrid. Morata - Angrosino, Michael ((2012)). La investigación etnográfica y de observación en Investigación Cualitativa. Madrid. Morata |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía social e cultural/615G01102

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Risco, cultura e medio ambiente/615G01417

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías